

Luns, 13 de xaneiro de 2020

Núm. 7

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MARÍN

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DE MARÍN

O Pleno do Concello de Marín, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de decembro de 2019, adoptou por maioría absoluta o seguinte acordo:

- 1º** Desestimar as alegacións achegadas polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos forestais, en virtude do disposto na fundamentación xurídica que consta no expediente.
- 2º** Aprobar definitivamente o Plan de Prevención de Incendios Forestais de Marín elaborado e asinado por don Pablo Arbones Maciñeira (Enxeñeiro de Montes nº 2171) e por dona Carmen Paz López (Enxeñeira técnica Forestal nº colexiada 1265).

Contra dito acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar dende a publicación do anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Non obstante, con carácter previo e potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, recurso que deberá entenderse desestimado se no prazo dun mes non é notificada resolución expresa, a efectos da interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo. Todo iso, sen prexuízo de calquera outros recursos, que se estimen oportunos exercitar.

Marín, a 18 de decembro de 2019 (documento asinado electronicamente).

A alcaldesa

María Ramallo Vázquez

